



RESUMO DA XUNTANZA DA PERMANENTE DA XUNTA DE PERSOAL DOCENTE DE PONTEVEDRA CO XEFE TERRITORIAL DA CONSELLARÍA DE EDUCACIÓN, CELEBRADAS O MÉRCORES DÍA 25 DE MAIO DE 2016 NO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DE CAMPOLONGO.

Asisten representantes de ANPE, CIG, CCOO, CSIF, FETE-UGT e STEG. Pola Administración, o Xefe Territorial e o Secretario. O inspector Xefe compareceu ao final ante representación de CIG, STEG, CCOO e CSIF, para aclarar algúns asuntos que lle concernían directamente,

Comeza a xuntanza ás 10.15 horas coa seguinte orde de traballos:

1. Lectura e aprobación da acta anterior de 27 de abril

Queda pendente a súa aprobación, pois foi remitida o día anterior e non foi lida previamente polos presentes

2. Asuntos pendentes das xuntanzas anteriores.

2.1. IES Xoán Carballeira: as prazas de Estética cóbrense con Peiteado (Peluquería).

Resposta Dirección Xeral.

Pregunta CIG. Resposta do XT: As prazas de Estética cóbrense primeiro co persoal da especialidade e despois co persoal de Técnica de Peiteado. Non se lle asigna praza de Estética a ninguén de Peiteado mentres haxa na lista alguén de Estética.

2.2. Vacantes IES A Xunqueira II, matemáticas e IES Pedras Rubias, Salceda de Caselas, LG para mestres.

Pregunta CIG. Queda pendente a resposta de informe da inspección, que lle será remitida ao presidente da Xunta de Persoal Docente para facerllo chegar ás OOSS.

2.3. Eliminación de administrativ@s nos centros de secundaria

Pregunta STEG. O XT reitera que se trata de RPT persoal non docente. Que se informou en Santiago en sentido favorable ao mantemento das prazas e que, nalgúns centros, se obtivo resultado

positivo: IES Val Miñor, A Granxa, Carril e Val do Tea.

2.4. Convocatoria do Comité de Saúde Laboral.

Preguntan CSIF e STEG. O XT responde que se vai convocar en xuño. Ata agora recolléronse algúns puntos para orde do día, entre eles o suxerido polo STEG que afecta a unha mestra do colexio de Cerdedo. Insta as OOSS a que envíen as súas propostas para seren engadidas á dita orde do día.

2.5. Problemas co docente encargado do comedor de CEP Panxón e do CPI Panxón

Pregunta CIG. O XT responde que houbo unha reunión entre todas as partes implicadas e que se acadou un acordo para coordinar o labor, de xeito que, polo menos para este curso, o problema parece solucionado.

2.6. Programacións e auditorías da inspección educativa aos departamentos

Preguntan todas as OOSS. O XT e posteriormente o inspector xefe responden que se trataba dun problema de actitudes e de formas dalgún inspector máis que propiamente de fondo. Recibiuse aos directores dalgúns dos centros afectados e o inspector xefe transmitiu ao servizo de inspección unhas instrucións nas que se incide na flexibilidade, na tranquilidade, na axuda aos centros e ao profesorado e na certeza de que a programación non debe ser un obstáculo, senón unha ferramenta útil. O inspector xefe manifesta o seu compromiso e ofrece a súa mediación para tratar de reconducir a situación no momento en que xurda algún problema que teña que ver coas programacións e a supervisión destas pola inspección educativa. Sinala, de por parte, que as auditorías aos departamentos non teñen unha finalidade disciplinaria ou correctiva, senón que responden á propia práctica usual do labor de inspección.

2.7. Vacante Escola Restauración Pontevedra.

Preguntan todas as OOSS. O XT responde que non hai máis nada que engadir ao xa dito: a creación desa vacante non foi nin solicitada nin informada desde os servizos territoriais de educación de Pontevedra.

2.8. Ascensores IES Mendiño e IES Bouza Brey

Pregunta CIG. O XT responde que no IES Mendiño se está á espera da resposta do servizo de urbanismo do Concello para ver se se lle dá licenza á obra, que está programada pero sen data. Do IES Bouza Brey non ten información, polo que queda pendente a resposta.

2.9. Supresión unitaria A Moreira, hai matrícula para mantela aberta?

Pregunta FETE. O XT responde que non hai matrícula suficiente, das cinco familias que utilizaban os seus servizos, dúas vanse, co que quedan tres alumnos/as .

2.10. Criterios quilometraxe itinerancias.

Pregunta CESIF. O XT responde que o criterio para a compensación horaria (de 2 a 5 horas semanais) no caso de itinerancia baséase na distancia entre centros. A quilometraxe realizada ten unha compensación económica mensual de custos por locomoción.

3. Información problema anterior equipo directivo IES Illa de Ons.

Preguntan ANPE e STEG. O XT responde que non ten nada que comentar. O asunto está sub iudice, pois ao procedemento administrativo engadíuselle un procedemento penal pendente de resolución.

4. Negociación vacantes ADP.

Preguntan todas as OOSS. O XT responde que se está pendente dos datos de matrícula e das unidades solicitadas para proceder a asignación. Non se fixa data, pero calcúlase que podería ser sobre o 8 ou 15 de xuño

5. Información sobre porcentaxes de participación na proba de avaliación final de 6º de EP.

Preguntan todas as OOSS. O XT responde que houbo unha participación do 60% e unha abstención do 40%.

6. Rolda de intervencións.

CIG pregunta por unha baixa de persoal non docente que non se cubriu no CEIP Sárdoma-Moledo. O XT responde que as baixas de menos de tres días non as cobren e que, en calquera caso, non depende de educación.

CIG pregunta se o ano que vén vai haber servizo de transporte para os colexios O Paraixal e Eduardo Pondal de Vigo xa que a súa carencia provoca que neses centros mingüe a matrícula. O XT responde que o problema de falta de matrícula ten que ver con que en Vigo hai 1884 prazas vacantes de infantil e 2580 de primaria (entre públicas e concertadas). Con todo, estudarase a posibilidade de dotar de servizo de transporte a eses centros

FETE pregunta por un problema de humidades na EI de Chaín. O XT responde que se

enviará en breve a UT .

FETE pregunta por un problema que afecta a unha coidadora no CRA de Barreiro e á maioría das familias do alumnado. O XT responde que tamén está implicada unha titora e que hai unha denuncia administrativa por parte da coidadora e do equipo directivo contra a titora, polo que hai que esperar a ver a resolución.

FETE pregunta sobre problemática do CEIP A Carballeira, onde se quere agrupar 1º e 2º cando hai 14 alumnos entre os dous. O XT di que lle pasará a información ao inspector xefe.

FETE pregunta polas denuncias das familias contra unha mestra interina do CEIP Espedregada por desatención do alumnado. Queda a resposta pendente.

CCOO pregunta por unha adxudicación dunha vacante de AL na escola infantil de Berducedo en Moaña; cando a persoa acudiu ao centro dixerónlle que alí non había praza de AL, senón de infantil. O XT responde que debe poñerse en contacto coa inspección e presentar recurso canto antes, se non se lle resolve o asunto.

E non habendo máis temas que tratar, levantouse a reunión sendo as 12.15 horas.